



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

ORDENANZA FISCAL Nº 15: REULADORA DA TAXA POLA INSTALACIÓN DE POSTES, CABOS, ESCUADRAS, BÁSCULAS, APARELLOS DE VENDA AUTOMÁTICA E OUTROS ANÁLOGOS SOBRE O SUBSOLO, SOLO OU VOO DAS VÍAS PÚBLICAS.

PUBLICACIÓN:

INICIAL, BOP 30/12/89

ADAPTACIÓN L25/98, BOP 31/12/98

MODIFICACIÓN, BOP 24/12/2011.

MODIFICACIÓN, BOP 29/12/2012.

MODIFICACIÓN, BOP 26/12/2013.

Concepto

Art. 1º.- De acordo co disposto nos art. 15 a 19 do RDL 2/2004 do 5 de marzo (TR da Lei Reguladora das Facendas Locais), este Concello establece a taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas especificado nas tarifas.

A presente taxa derivase igualmente da normativa que se contén na Lei 25/98, de 13 de Xullo, modificadora do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenamento das Prestacións de Carácter Público.

Obxecto

Art. 2º.- Están obrigados ó pagamento da taxa regulada na presente ordenanza as persoas ou entidades que teñan licencias outorgadas ó seu favor, ou os que se beneficien do aproveitamento, de se proceder sen a oportuna autorización.

Contía

Art. 3º.- 1. A contía da taxa regulada na presente ordenanza será a fixada nas tarifas detalladas no apartado 3 seguinte.

2. Así e todo o anterior, para as empresas exploradoras de servizos de subministración que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, a contía da taxa regulada na presente ordenanza consistirá, en todo caso, e sen excepción algunha, no 1,5% dos ingresos brutos procedentes da facturación que obteñan anualmente no Municipio estas empresas.

A contía desta taxa que puidera corresponder a Telefónica está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual á que se refire o apartado 1 do art. 4º da Lei 15/87, de 30 de Xullo (Disposición adicional oitava da Lei 39/88, de 28 de Decembro).

3. As tarifas da taxa serán as seguintes:

Tarifa 1ª: Postes, cabos, escuadras, encanamentos e análogos.

- Escuadras para sostemento de cabos: cada unha, ó ano: 1,286 €.

- Cabos de condución eléctrica: cada metro, ó ano: 0,031 €.

- Condución telefónica: cada metro, ó ano: 0,031 €.



- Tubaxes de calquera clase: cada metro, o ano: 0,031 €
- Postes: por cada un, ó ano: 1,929 €.
- Transformadores subterráneos: cada m3, ó ano: 3,215 €.
- Depósitos de combustible: cada m3 de capacidade, ó ano: 3,215 €.
- Garitas de transformadores: cada m2, ó ano: 3,215 €.

Tarifa 2ª: Básculas e aparellos ou máquinas automáticas.

- Por cada báscula, ó ano: 3,215 €.
- Cabinas fotográficas, cada m2 ou fracción, ó ano: 6,429 €.
- Aparellos e máquinas de venda automática de calquera produto ou servizo, ó ano: 6,429 €.

Tarifa 3ª: Aparellos fornecedores de gasolina e análogos.

- Aparellos fornecedores, por cada m2 ou fracción, ó ano: 12,850 €.
- Depósitos no subsolo, por cada m3 de capacidade ou fracción, ó ano: 6,429 €.

Normas de xestión

Art. 4º.- 1. As contías esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos de tempo sinalado nos respectivos epígrafes.

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados na presente ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza e realizar o depósito previo ó que se refire o art. seguinte.

3. Unha vez autorizada a ocupación, de non se determinar con exactitude a duración do aproveitamento, entenderase prorrogado ata que se presente declaración de baixa polos interesados.

4. A presentación de baixa surtirá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado nos epígrafes das tarifas. A non presentación de baixa determinará a obriga de continuar abonando a taxa.

Obriga de pagamento

Art. 5º.- 1. A obriga de pagamento da taxa regulada na presente ordenanza nace:

- a) Tratándose da concesión de novos aproveitamentos, no momento de solicitar a correspondente licenza.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada un dos períodos naturais sinalados nas tarifas.

2. O pagamento da taxa realizarase:

a) Tratándose de concesións de novas aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería municipal, ou onde indique o Concello, pero sempre antes de retirar a correspondente licenza.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, en conformidade co disposto no art. 47.1 da Lei 39/88, de 28 de Decembro, ficando elevado a definitivo ó concederse a licenza correspondente.



CONCELLO DE XINZO DE LÍMIA (Ourense)

Código Postal 32630 - Tel. 988 55 01 11 - Fax. 988 55 01 12 - C.I.F. P 3203300 C

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos censos e matrículas desta taxa, por anos naturais, dende o día 16 de Xaneiro ata o 15 de Febreiro.

As tarifas especificadas nesta ordenanza, incrementarase anualmente en función do IPC correspondente.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno municipal en reunión do 31 de outubro de 2013, substitúe e derroga a da anterior e entrará en vigor a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día primeiro de xaneiro de 2013, permanecendo en vigor ata que sexa modificada ou derogada expresamente.